

**Anuncio Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana dos barrios históricos da Magdalena e Ferrol Vello, do barrio da Graña e do barrio de Esteiro Vello de Ferrol, referidas ao novo Convenio entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Ferrol en base a PRÓRROGA do Plan Estatal de Vivenda 2013-2016 realizada por RD. 637/2016.**

## ANUNCIO

Con data do 13/12/2017 ditouse resolución pola Concelleira delegada titular da área de Urbanismo, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, no que se aprobaron as “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana dos barrios históricos da Magdalena e Ferrol Vello, do barrio da Graña e do barrio de Esteiro Vello de Ferrol, referidas ao novo Convenio entre o Ministerio de Fomento, O IGVS e o Concello de Ferrol en base a PRÓRROGA do Plan Estatal de Vivenda 2013-2016 realizada por RD. 637/2016.”

O texto íntegro da convocatoria publícase no BOP e na páxina Web do Concello e poderá consultarse nas dependencias de Urbanismo do Concello de Ferrol, Rúa María 52-54, 5º andar, en horario de 9 a 14 horas. Os anuncios da convocatoria publicarase no DOG, no taboleiro de anuncios e en dous periódicos de maior difusión da provincia (La Voz de Galicia e Diario de Ferrol).

Deberanse presentar as solicitudes xunto coa documentación preceptiva descrita na convocatoria mediante o impreso normalizado no Rexistro do Concello ou por calquera medio dos admitidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O dito prazo comenará ós dez días dende a data da última publicación no BOP e anuncio no DOG.

A continuación publícase o texto íntegro das devanditas Bases, xunto cos anexos:

**“Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana dos barrios históricos da Magdalena e Ferrol Vello, do barrio da Graña e do barrio de Esteiro Vello de Ferrol, referidas ao novo Convenio entre o Ministerio de Fomento, O IGVS e o Concello de Ferrol en base a PRÓRROGA do Plan Estatal de Vivenda 2013-2016 realizada por RD. 637/2016.**

Estas bases realízanse en desenvolvemento das Addendas subscritas polo Ministerio de Fomento, O IGVS e o Concello de Ferrol, aprobadas polo Pleno do Concello en data de 30 de outubro, relativo ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana dos Barrios Históricos da Magdalena e Ferrol Vello, do barrio da Graña e do barrio de Esteiro Vello en Ferrol (A Coruña). Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013 – 2016, prorrogado polo RD 637/2016, de 9 de decembro, e en relación co papel xestor do Concello de Ferrol para a execución do plan e o seu compromiso na elaboración dunha convocatoria para a concesión das subvencións previstas neste acordo.

## UN. OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a financiar as actuacións de rehabilitación dos edificios e vivendas dentro do ámbito definido da Área de Rexeneración e Renovación Urbana dos Barrios Históricos da Magdalena e Ferrol Vello, do Barrio

da Graña e do Barrio de Esteiro Vello en Ferrol, con cargo o novo Convenio aprobado no Pleno do Concello con data de 30 de outubro de 2017 e subscrito polo Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Ferrol para tal obxecto, no marco do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013 – 2016., prorrogado por RD 637/2016, previo Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución da prórroga do Plan 2013-2016, conforme ao establecido no artigo 3 do RD 233/2013.

## **DOUS. BENEFICIARIOS**

1. Poderán ser persoas ou entidades beneficiarias das axudas as que reúnan os requisitos establecidos nos artigos 6.2 do Real decreto 233/2013, de 5 de abril, de Plan estatal de fomento de alugamento de vivenda, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana, 2013-2016 ( art. 11.2 da Orde do 23 de xuño de 2017 da Consellería de Infraestruturas e Vivenda)

Os/as propietarios/as de vivendas, as persoas propietarias únicas de edificios de vivendas o de vivendas individuais, as comunidades de propietarios, as agrupacións de comunidades de propietarios e os consorcios e entes asociativos de xestión respecto dos edificios e vivendas incluídos nas ARIS declaradas da Magdalena-Ferrol Vello, Esteiro e A Graña. (art 11.1 da Orden de 23 de xuño de 2017 da Consellería de Infraestruturas e Vivenda)

No caso de realizarse actuacións en edificios de tipoloxía residencial colectiva, para ser beneficiario será requisito indispensable contar co correspondente informe de avaliación, cuxo contido deberá axustarse ao modelo tipo previsto no anexo II do Real Decreto 233/2013, de 5 de abril, así como, no seu caso, contar co acordo validamente adoptado pola comunidade de propietarios ou agrupación de comunidades de propietarios/as ou agrupación da comunidade de propietarios/as referido á execución de obras obxecto da solicitude

Cando a execución da actuación lles corresponda a varios beneficiarios, a axuda distribuirase en proporción ao custo asumido por cada un deles.

Non poderán obter financiamento os que se beneficiasen, dentro do ámbito de actuación, das axudas do programa de rehabilitación edificatoria do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, de conformidade co artigo 28.3 do Real Decreto 233/2013, do 5 de abril.

2. Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, na súa normativa de desenvolvemento ou no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ou fosen suxeitas dunha revogación dalgunha das axudas contempladas neste Plan ou en anteriores plans estatais de vivenda por causas imputables ao solicitante.

3. As persoas interesadas, ao formalizar unha solicitude sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións da convocatoria e demais normativa reguladora que sexa de aplicación ao obxecto das axudas.

## **TRES. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS**

Ademais das recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de decembro e no artigo 11 da lei 9/2007, de 13 de xuño, as persoas o entidades beneficiarias terán as seguintes obrigas:

1. Executar as actuacións de rehabilitación para as que se conceden as axudas , de conformidade coa resolución de calificación provisional.
2. Destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente de la persoa promotora ou persoa

inquilina , no suposto de que se destinen a alquiler , por un prazo de tres anos, de conformidade co artigo 7 do Decreto 18/2014, de 13 de febreiro, para o caso de recibir as axudas autonómicas. Non poderán acollerse en caso algún aos programas autonómicos de rehabilitación as segundas residencias.

3. Comunicarlle ao órgano instrutor calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda. A non comunicación destas modificacións será causa suficiente para o inicio dun expediente de reintegro das cantidades que puidesen ter cobradas indebidamente.
4. Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o Concello de Ferrol e o Instituto Galego da Vivenda e Solo consideren pertinentes durante a vixencia da subvención.
5. .Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, o por el Concello ou o IGVS.
6. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
7. Cubrir os datos necesarios para a tramitación da axuda que sexan esixibles segundo o acordo de financiamento específico asinado.
8. Subministrar ao IGVS, logo de requirimento para o efecto, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento da obrigas previstas no título I da citada lei.

#### **CATRO. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

De acordo co disposto polo artigo 26.do Real Decreto 233/2013,de 5 de abril, son actuacións subvencionables:

- a) a execución de obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares establecidos pola normativa vixente.
- b) a mellora da eficiencia enerxética en edificación e a implantación de enerxía renovable e sistemas de climatización centralizada e, en xeral, todas aquelas outras destinadas a reducir la demanda enerxética.

Poderanse acoller ás axudas as actuacións xa iniciadas pero que non estean finalizadas á data da presentación das solicitudes formuladas segundo a presente convocatoria.

As actuacións de rehabilitación deberán terse iniciado con posterioridade á data de entrada en vigor do Plan estatal 2013-2016 e en ningún caso deberán estar finalizadas na data da solicitude desta convocatoria.

As actuacións protexibles incluirán, aos efectos de determinación do custe total das obras, os honorarios dos profesionais que interveñan, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e calquera outro gasto derivado da actuación, sempre que estean debidamente xustificadas. No custe total das obras non se incluirán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

#### **CINCO. CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS AXUDAS**

O Concello, en función da dispoñibilidade económica de cada unha das tres ARRU/ARI para as axudas e do número máximo de actuacións que se poidan conceder determinará as actuacións subvencionables.

A concesión de subvencións, a través desta convocatoria, será en réxime de concorrencia non

competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia. A selección de beneficiarios será por rigoroso orde de presentación da solicitude e de toda a documentación completa que se refire no apartado ONCE desta convocatoria segundo os impresos normalizados anexos a ela, presentación que poderá facerse por calquera dos modos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. A estes efectos serán preceptivo facer constar o día e hora de presentación. Para a efectividade da preferencia por data e hora de presentación da solicitude só se computarán as solicitudes que acompañen toda a documentación completa prevista no apartado ONCE desta convocatoria de xeito que a preferencia virá establecida polo día e hora de presentación do último documento previsto no dito apartado. Non se considerará aos efectos da preferencia, o día e hora de presentación das certificacións previstas no número 5.- do apartado Once desta convocatoria, relativo á certificación sobre débedas coa Administración Pública, por tratarse de documento a presentar antes da proposta municipal de calificación definitiva. Tampouco se considerará aos efectos da preferencia calquera outro documento no explicitamente previsto no apartado once desta convocatoria que fora requirido polo Concello (letra e) do número 2 do apartado Once).

No caso de subsanación de instancias, conservará a preferencia por orden de entrada os solicitantes que incorresen en error material ou aritmético nas súas solicitudes pero os solicitantes que non achegaran toda a documentación terán a preferencia por orden de entrada do último documento a achegar dos referidos no apartado Once desta convocatoria.

No caso de que a expedición de algún dos documentos previstos no apartado Once desta convocatoria tivese que ser expedido por outro organismo público, Notaría ou Rexistro da Propiedade, bastará achegar a solicitude de expedición do documento perante o ditos organismos para conservar a preferencia que lle correspondese por orden de entrada.

Admitiranse solicitudes ata esgotar o crédito dispoñible previsto na convocatoria pública, ou o número máximo de intervencións permitidas, dentro dos límites temporais previstos nesta convocatoria relativo ao remate da data de admisión de solicitudes.

## **SEIS. ORZAMENTO PROTEXIDO**

Constitúe o orzamento protexido da actuación o custo total subvencionable de todas as actuacións que se subvencionen segundo o previsto no artigo 26.3 do citado Real decreto 233/2013, que non poderá superar os prezos medios de mercado que para tales actuacións correspondan, os cales se determinarán de conformidade coa última edición publicada da Base de prezos da construción de Galicia 2011 ou normativa que a substitúa.

## **SETE. CONTÍAS DAS SUBVENCIÓNS**

A contía máxima das axudas non poderá exceder o 35 % do custo subvencionable da actuación (sen IVE) e se calculará multiplicando o número de vivendas polas axudas unitarias establecidas a continuación:

- Once mil euros por vivenda ( 11.000 euros/ vivenda) obxecto de rehabilitación.

Ademais poderase obter a seguinte contía adicional no caso de que se cumpran os requisitos del número 2 del apartado 3 de esta convocatoria para as axudas autonómicas:

- Ata catro mil euros por vivenda (4.000 euros/vivenda)obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder do 10% do orzamento protexido de rehabilitación de vivenda ou do edificio.

## **OITO. COMPATIBILIDADE**

As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma de todas non supere o custo total da actuación concreta, salvo que se teña beneficiado, no mesmo ámbito de actuación, das axudas do programa de rehabilitación edificatoria do Plan estatal 2013-2016, segundo o artigo 28 Real decreto 233/2013.

Non se poderán recibir axudas para unha mesma obra nas distintas convocatorias de ARRU do Plan estatal de vivenda 2013 – 2016.

No caso de que, respecto á mesma obra, se estea preseleccionado nas axudas na convocatoria realizada polo Concello relativa ás Addendas dos Convenios anteriores, e, ao tempo, tamén se estea preseleccionado nas axudas conforme á presente convocatoria (novo Convenio Prórroga do Plan de Vivenda 2013-2016), se a solicitude acredita o destino por prazo mínimo de tres anos da vivenda a domicilio habitual e permanente da persoa propietaria ou inquilina ou nos supostos que se destine a alugamento por prazo mínimo de tres anos, tal como establece o número 2 do apartado 3 desta convocatoria, priorizarase esta convocatoria respecto á convocatoria das Addendas aos Convenios anteriores.

## **NOVE. SOLICITUDE DA VISITA TÉCNICA PREVIA**

Deberá solicitarse, mediante impreso oficial normalizado, unha visita de inspección técnica previa á solicitude oficial das axudas.

Os técnicos da Oficina de Rehabilitación realizarán a visita para comprobar o estado da edificación e asesorar ao particular sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación dos inmobles.

Para os edificios que xa a fixesen con anterioridade non é necesario repetila, salvo que o Concello o considere oportuno.

## **DEZ. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As persoas e entidades interesadas, dentro do prazo establecido nesta convocatoria, deberán dirixir á solicitude ao Concello de Ferrol mediante instancia normalizada da solicitude e os impresos indicados nestas bases se acompañarán como anexos a esta convocatoria e obrarán dixitalmente na sede electrónica en [www.ferrol.gal](http://www.ferrol.gal)

As solicitudes e a documentación presentaranse no rexistro do Concello de Ferrol, nalgún dos seus rexistros auxiliares ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Neste proceso consideraranse as intervencións exclusivamente en elementos comúns do edificio como unha única solicitude.

En caso de participar nas dúas convocatorias (as da Addendas a Convenios anteriores e as da presente convocatoria) haberá que cubrir unha única solicitude para cada convocatoria pero sen necesidade de repetir a documentación para cada solicitude.

## **ONCE. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR**

**1.** As solicitudes presentaranse en modelo normalizado no rexistro do Concello de Ferrol, nalgún dos seus rexistros auxiliares ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de Outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

2. Con carácter xeral as solicitudes deberán presentar a seguinte documentación xenérica:

a) Se o promotor/a é unha persoa física;

a.1/ Copia compulsada do D.N.I do promotor e no seu caso, ademais, do D.N.I. da persoa que ostenta a representación do promotor. A persoa beneficiaria deberá ter nacionalidade española o la de algunha dos estados membros da Unión Europea ou do Espacio Económico Europeo, Suiza, ou parentesco determinado por la normativa que sea de aplicación.

a.2/ Orixinal ou copia compulsada do documento fehaciente acreditativo da representación que se ostente do promotor.

a.3/ Copia compulsada do título de adquisición que acredite a propiedade por parte do promotor , acompañado de certificación literal de dominio e cargas expedido polo Rexistro da Propiedade.

b) Se o promotor/a é unha persoa xurídica;

b.1/ Copia compulsada do CIF da persoa xurídica, orixinal ou copia compulsada da escritura de constitución da entidade e da súa incrición no Rexistro mercantil no seu caso; do documento fehaciente acreditativo da representación que o solicitante ostenta da entidade así como o D.N.I do representante.

b.2/ Copia compulsada do título de adquisición que acredite a propiedade por parte do promotor da actuación, acompañado de certificación literal de dominio e cargas expedido polo Rexistro da Propiedade.

b.3/ Acreditación ou declaración responsable de que se atopan debidamente constituídas, segundo a normativa que lles resulta de aplicación.

c) Se o promotor/a é unha comunidade de propietarios , agrupación de comunidades, consorcios ou entes asociativos, se presentará :

c.1/ Orixinal ou copia compulsada acreditativa da constitución da comunidade, da agrupación de comunidades, consorcios ou entes asociativos e do seu respectivo CIF.

c.2/ Orixinal ou copia compulsada da representación coa que se actúe e do D.N.I do representante.( Presidente/s da comunidade u órganos legais representativos ).

c.3/ Orixinal ou copia compulsada do acordo da comunidade de propietarios, agrupación de comunidades, consorcios ou entes asociativos, no que autorice a execución das obras e da solicitude de subvención así como certificado da persoa titular da secretaría referente aos ditos aspectos.

c.4/ Relación de todas as persoas integrantes da comunidade, agrupación de comunidades, consorcios ou entes asociativos co NIF/ CIF de cada propietario, referencia catastral de cada vivenda e local e copia compulsada das títulos de dominio que acredite a propiedade dos posibles beneficiarios titulares das vivendas e locais así como certificacións literais de dominio e cargas expedido polo Rexistro da Propiedade sobre todas as vivendas e locais do edificio.

c.5/ no caso de ser solicitantes entidades ou comunidades que carezan de persoalidade xurídica propia (comunidades de veciños, agrupación desas comunidades, etc) deberá achegarse declaración responsable na que conste expresamente o compromiso de execución da actuación subvencionable asumidos por cada membro da entidade así como o importe da subvención a

aplicar a cada un deles.

d) Autorización do solicitante para que tanto o Concello de Ferrol como a Xunta de Galicia poda reclamar toda a información necesaria, en particular a de carácter tributario ou económico que fora legalmente pertinente pra acreditar o cumprimento dos requisitos.

e) Calquera outra documentación que resulte necesaria e sexa requirida polo Concello de acordo co previsto no artigo 6 do citado Real Decreto 133/2013 e os demais datos informativos que esixe o Ministerio no Protocolo de información normalizado.

3. Declaración responsable das persoas beneficiarias das subvencións na que consten as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación, o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.:

4.- Acreditación de que o beneficiario non se atopa incurso nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiaria sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da lei 38/2003 de 17 de decembro xeral de subvencións. Tal acreditación poderá realizarse mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa e, no seu defecto, mediante declaración responsable outorgada perante unha autoridade administrativa ou notario.. Esta documentación terá que ser achegada de novo para solicitar o pagamento da axuda de xeito que esté actualizada a este momento.

5.- Certificacións (a achegar previamente á proposta calificación definitiva)

Certificacións expedidas polas respectivas Administracións de que o que pretenda ser beneficiario está ao corrente dos pagos á Axencia Estatal de Administración Tributaria, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e á Administración local, consonte co disposto polo artigo 11. e) da Lei de subvencións de Galicia e o artigo 14.1.e) da Lei xeral de subvencións.

Estas certificacións non terán que achegarse coas solicitudes senón previamente a proposta municipal de calificación definitiva da actuación subvencionable, no seu caso. Chegado o momento do pagamento se as certificacións aportadas estiveran caducadas deberán aportarse novas certificacións acreditativas actualizadas.

6. Documentación das obras e do edificio:

a) INFORME DE AVALIACIÓN DE EDIFICIOS.- En caso de edificios de tipoloxía de vivendas colectivas, deberá achegarse o informe de Avaliación de edificios conforme ao modelo previsto no anexo II do Real Decreto 233/2013, de 5 de abril.

b) PROXECTO OU MEMORIA TÉCNICA REDACTADOS POR TÉCNICO COMPETENTE.- Nestes documentos expresaranse as obras que se van a executar , a súa valoración, clasificándoas en capítulos con o desglose das partidas segundo o disposto no artigo 26 do citado Real Decreto 233/2013. O proxecto ou memoria técnica conterán os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar así como a referencia catastral da vivenda ou do edificio.. A memoria valorada substitúe ao proxecto de obras cando se trate de obras menores e en todo caso deberá estar asinado por técnico competente. Tanto no proxecto coma na memoria técnica no seu caso, se conterà, ademais, o orzamento por partidas e xustificación de que as obras supoñen unha adaptación á normativa vixente.

c) LICENZA/ COMUNICACIÓN PREVIA E AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS.- Para a tramitación da cualificación provisional será necesaria a presentación da licenza ou comunicación previa / declaración responsable, no seu caso, u orde de execución e autorizacións sectoriais para a execución das obras.

d) Copia compulsada do título de DIVISIÓN HORIZONTAL ou, en su defecto, documentación acreditativa da división do edificio en distintas vivendas e locais.

e) Conforme ao artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, deberá achegarse copia de, polo menos, tres ofertas de diferentes provedores, no suposto de que o importe do custo que se vai executar supere os límites económicos do contrato menor de obra ou servizos ( dirección facultativa e axentes intervintes) segundo a lexislación de contratos do sector público, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra ou servizo. Deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Non será precisa dita presentación canto polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se tivera realizado con anterioridade á solicitude de subvención.

## 7.- DOCUMENTACIÓN PARA SUBVENCIÓN AUTONÓMICA ( ADEMAIS DA XERAL)

No caso de optar ás contías de subvención autonómicas, deberase presentar:

a) Declaración responsable de que a vivenda vai destinarse a domicilio habitual e permanente da persoa propietaria ou persoa inquilina no caso de non estar ocupada. Antes do pagamento deberá aportarse copia do contrato de aluguer e certificado de empadramento do inquilino.

b) Certificado de empadramento da vivenda do propietario solicitante no caso da súa vivenda ou certificado de empadramento do inquilino e contrato de alugueiro.

8.- Cubriranse as declaracións responsables e impresos normalizados que proceda segundo o caso, adxuntas como anexos desta convocatoria donde se especifica en cada una a documentación a presentar da prevista nesta convocatoria, segundo o caso.

## DOCE. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Poderán presentarse solicitudes a partir dos dez días seguintes á última publicación desta convocatoria, que se fará no BOP e anuncio no DOG.

O prazo de presentación de solicitudes xunto coa documentación prevista no apartado Once remata o día 30 de abril de 2018, salvo que con anterioridade se esgotase o crédito dispoñible ou o número de intervencións concedidas.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da lei 38/2003, de 17 de novembro, o contido desta convocatoria serán publicados na Base de datos nacional de subvenciones e os seus extractos no diario oficial correspondente.

## TRECE. PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

### a) Aprobación inicial das axudas. Cualificación provisional

O Concello, no marco do procedemento da convocatoria de axudas, presentada a solicitude, revisará a documentación presentada, e logo dos requirimentos que considere oportunos para



completar ou aclarar a documentación recibida dentro dos prazos previstos na Lei 39/2015 de 1 de Outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas procederá a denegar as solicitudes que non cumpran os requisitos e a elaborar unha proposta de cualificación provisional que lle remitirá a Área Provincial do IGVS na Coruña.

A proposta de cualificación provisional conterá a identificación da persoa ou entidade solicitante, o tipo de actuación, o orzamento protexido, o prazo de execución e a subvención máxima que se concederá e irá acompañada dunha certificación municipal do cumprimento dos requisitos do Plan 2013-2016, referida tanto ás actuacións, aos edificios e vivendas como ás persoas ou entidades beneficiarias.

A cualificación provisional é requisito necesario para acadar o financiamento previsto no acordo específico.

O órgano competente para resolver sobre as cualificacións provisionais é a persoa titular da Xefatura Territorial do IGVS. A resolución pola que se outorgue a cualificación provisional conterá a identificación da persoa solicitante, describirá o tipo de actuación, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación, o seu orzamento protexido e o prazo de execución e de comunicación do final das obras.

Conforme á Orde do 23 de xuño de 2017 da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, serán causas de denegación da cualificación provisional, as seguintes:

- a) Que a actuación prevista non se atope entre as actuacións de rehabilitación acollidas en este programa
- b) No caso de actuacións referidas a edificios residenciais colectivos, que non se dispoña do informe de avaliación de edificios.
- c) Que a actuación non se axuste ás determinacións do RD 233/2013, de 5 de abril, ou ao acordo específico firmado co Ministerio de Fomento.

O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación provisional será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da entregada na correspondente área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación provisional. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución expresa, esta entenderase denegada.

Contra a resolución que sobre a cualificación provisional diten as xefaturas territoriais do IGVS se poderá interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á da súa notificación.

## **b) Execución das obras**

O solicitante promotor das obras daralle conta ao Concello da data de comezo das obras mediante certificación de inicio de obra, no caso de ser requirido polo Concello a través da Oficina Municipal de Rehabilitación.

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas, e en todo caso deberán estar rematadas e comprobadas con toda a súa documentación antes do 30 de novembro de 2018.

As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, e non se admitirán máis modificacións na súa execución que as autorizadas por proposta da Dirección Facultativa conformada pola Oficina municipal de Rehabilitación e, en todo caso, deberán estar autorizadas pola correspondente licenza ou comunicación previa, orde de execución e autorizacións sectoriais para a execución das obras.

A Oficina Municipal de Rehabilitación poderá en todo caso supervisar as obras co obxecto de

comprobar o correcto cumprimento das condicións a que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

Durante o período de execución das obras, o promotor deberá colocar o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación, elaborado de acordo cos convenios asinados, e até o cobro total de axudas solicitadas.

### **c) Remate das obras e cualificación definitiva**

Os promotores das actuacións comunicarán o remate da obra, co fin de obra no caso que o requira, con anterioridade ao 30 de novembro de 2018, de xeito que o Concello conte con tempo suficiente para realizar as seguintes comprobacións con anterioridade a dita data:

1. As actuacións foron executadas dentro dos prazos e de acordo coa cualificación provisional.
2. Que para a súa execución se contan con todas as autorizacións necesarias.
3. As facturas orixinais ou fotocopias compulsadas e os documentos bancarios de pagamento orixinais ou fotocopias compulsadas das anteditas actuacións e que estean pagados pola persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional.

As facturas emitidas pola empresa adxudicataria e xustificación de pagos mediante transferencia bancaria, talón ou calquera outro medio regulado pola Lei 38/2003 xeral de subvencións e Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Non se admitirán os pagos nin os ingresos en efectivo.

Ademais as facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: nome da persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo, NIF do pagador titular da cualificación provisional e forma de pago. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado.

Documentos bancarios acreditativos do pagamento das facturas presentadas. Non se admitirán pagamentos en efectivo nin se admitirán como xustificantes os obtidos a través da rede internet, se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos de verificación na sede electrónica de dita entidade bancaria. Excepcionalmente, admitirase o recibín do provedor para gastos por importes inferiores a 1.000 euros.

A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións calificadas e o acordo efectivo da subvención.

Será causa da denegación da cualificación definitiva as seguintes:

- a) Non executar as obras de conformidade co previsto na resolución da calificación provisional, executalas parcialmente ou executar obras distintas das previstas na citada resolución de calificación provisional.
- b) Non executar as obras de conformidade coa licenza de obra ou comunicación previa e autorizacións sectoriais ou non cumprir as condicións impostas por elas.
- c) O incumprimento do prazo de execución previsto na resolución de calificación provisional.
- d) O incumprimento por parte da persoa ou entidade promotora de calquera dos requisitos previstos no RD 233/2013, de 5 de abril, na Orden de 23 de xuño de 2017 da Consellería de

Infraestrutura e Vivenda e nesta convocatoria, pra obter a condición de persoa beneficiaria.

O Concello elaborará unha proposta de cualificación definitiva que conterà a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se aboará e virá acompañada dunha certificación do Concello que constituirá unha memoria económica xustificativa do custo da actividade esixida no artigo 48.2 do Regulamento da lei 9/2007, de 13 de xuño e xustificativa do cumprimento dos requisitos establecidos no Plan de vivenda 2013-2016, na Orden de 23 de xuño de 2017 e na correspondente resolución de calificación provisional, relativos tanto á actuación como ás persoas e entidades beneficiarias.

As xefaturas territoriais do IGVS resolverán sobre a calificación definitiva, onde constará o tipo de actuación realizada, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación e o importe do orzamento protexible. Fronte á dita resolución se poderá interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

## **CATORCE. PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS**

Con carácter previo ao pagamento das subvencións, todas as persoas beneficiarias deberán achegar:

- a) Certificado da titularidade, sempre a nome do beneficiario, da conta bancaria que designe para o pagamento.
- b) Certificación acreditativa e expedida pola respectiva Administración de estar ao corrente dos pagos coa Axencia Estatal Tributaria, Tesourería Xeral da Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e co Concello.
- c) Certificado de que o beneficiario non está incurso nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiario sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral de subvencións. Tal xustificación poderá realizarse mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa e, no seu defecto, mediante declaración responsable outorgada perante unha autoridade administrativa ou notario.

O IGVS procederá a resolver o pagamento ao Concello atendendo ao previsto nos correspondentes acordos específicos asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan 2013-2016.

O Concello aboará as correspondentes subvencións aos/ás promotores/as que resulten persoas beneficiarias e xustificará perante o IGVS os pagamentos realizados, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento.

Procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

As achegas estarán supeditadas ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento, de acordo co estipulado no convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia.

O pagamento realizarase pola contía que resulte de aplicar o disposto no punto 7 da convocatoria ao custo final efectivamente xustificado das actividades subvencionadas.

Antes do pagamento deberá aportarse copia do contrato de aluguer e certificado de empadramento do inquilino para o caso de acollerse ás axudas autonómicas.

Os Concellos aboarán as correspondentes subvencións ás persoas e entidades beneficiarias e xustificarán os pagos realizados tanto respecto ás subvencións estatais para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento, como das subvencións autonómicas. Estas xustificacións deberán realizarse ás correspondentes áreas provinciais do IGVS nun prazo dun mes, contado a partir do seguinte ao que se tiveran realizados os oportunos pagos.

## **QUINCE. DENEGACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS**

Sen prexuízo da posible incompatibilidade que legalmente fose aplicable en concorrencia coas axudas desta convocatoria, en ningún caso as subvencións concorrentes poderán ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto polo artigo 17º.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Segundo o artigo 20, da Orde do 23 de xuño de 2017, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Consonte o artigo 21, da Orde do 23 de xuño de 2017:

1. O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, suporá, ademais das sancións que poidan corresponder, o reintegro da subvención percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.

2. En particular será causa de reintegro a non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

3. Tamén serán motivo de reintegro os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. O procedemento para o reintegro será o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5. Tamén serán causas de denegación ou revogación das subvencións, ademais da de non reunir as condicións indicadas nos puntos 2 e 4 da convocatoria, as seguintes:

a) Incorrer en falsidade nos datos tidos en conta na selección da axuda reflectidos no apartado 5 desta convocatoria.

b) Acometer infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.

- c) O incumprimento dos prazos para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.
- d) A incorrecta execución das obras de rehabilitación apreciada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
- e) O impedimento ou obstrución grave, por parte do promotor ou o contratista, á supervisión das obras por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
- f) Calquera outra infracción que dispoña á normativa vixente.

## DEZASEIS. AS CONTÍAS DO PROGRAMA DE REHABILITACIÓN

As contías máximas das citadas achegas, segundo figura no convenio, son as seguintes:

| Prorroga Área de Rexeneración e Renovación Urbana | Nº intervencións | Achega Fomento | Achega Xunta |
|---|------------------|----------------|--------------|
| ARRU/ARI da Magdalena e Ferrol Vello 12ª fase     | 67               | 268.000,00 €   | 107.679,00 € |
| ARRU/ARI A Graña. 8ª fase.                        | 3                | 27.000,00 €    | 10.848,26 €  |
| ARRU/ARI Esteiro Vello 2ª Fase                    | 15               | 60.000,00 €    | 24.107,24 €  |

## DEZASETE. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Conforme á Disposición Adicional primeira da Orden de 23 de xuño de 2017, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación estean autorizados polas entidades solicitantes, serán incluídos nun ficheiro denominado “Relacións administrativas coa cidadanía e con entidades”, cuxo obxecto é a xestión destes procedementos e a información aos Concellos interesados sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral do IGVS. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercitarse ante o IGVS.

Os datos das persoas solicitantes tamén serán incorporados aos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións reguladas por estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria. Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

A presentación da solicitude de axudas polos interesados levan implícitas a autorización pra o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

## DEZAOITO. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Para todo o non previsto nesta convocatoria será de aplicación específica a lei 38/2003, de 17 de decembro e o seu regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo; a lei

9/2007, de 13 de xuño e o seu regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro; a Ley 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia; o RD 233/2013, de 5 de abril e o Decreto 18/2014, de 13 de febreiro.

Ademais será de aplicación:

- O Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.

- O Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan as directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 9 de marzo de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de rexeneración e renovación Urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.

- Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as súas bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para este programa.

-Ley 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

- Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as súas bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para este programa.

- Convenios suscritos entre Concello de Ferrol, Ministerio de Fomento e IGVS relativo aos ARIS obxecto desta convocatoria.

- Ordenanza municipal reguladora das axudas á rehabilitación dos barrios da Magdalena e Ferrol Vello.

- Ordenanza de inspección técnica de edificacións adaptada á vixente lexislación en materia de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

-Real decreto 7/2015, 30 de outubro, Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.

- Calquera outra normativa de aplicación.”

## ANEXOS

## IMPRESO 1

### RELACIÓN DE PERSOAS PROPIETARIAS DUNHA VIVENDA OU LOCAL

(A CUBRIR POR CADA PROPIETARIO/A DAS VIVENDAS OU LOCAIS QUE PARTICIPAN NA SUBVENCIÓN)

ÁREAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DE FERROL

| DATOS DO SOLICITANTE           |                      |
|--------------------------------|----------------------|
| NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL | NIF / CIF            |
| <input type="text"/>           | <input type="text"/> |

| E NA SÚA REPRESENTACIÓN |                      |
|-------------------------|----------------------|
| NOME                    | APELIDOS             |
| <input type="text"/>    | <input type="text"/> |
| NIF                     |                      |
| <input type="text"/>    |                      |

| DATOS DO EDIFICIO OU EDIFICIOS QUE SE VAN A REHABILITAR |                      |                      |                      |
|---|----------------------|----------------------|----------------------|
| TIPO DE VÍA   | NOME DA VÍA          | NÚMERO               | BLOQUE               |
| <input type="text"/>                                    | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| CP  | PROVINCIA            | CONCELLO             | LOCALIDADE           |
| <input type="text"/>                                    | A CORUÑA             | FERROL               | FERROL               |

Os/as abaixo asinantes, propietarios das vivendas e locais do edificio partícipes nas actuacións de rehabilitación, DECLARAMOS non estar incurso/as en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as do artigo 13 da lei 38/2003 do 17 de decembro Lei Xeral de Subvencións para obter a condición de persoa beneficiaria de axudas  
Os/as abaixo asinantes, propietarios das vivendas e locais do edificio partícipes nas actuacións de rehabilitación, comprometémonos á execución das obras subvencionadas no modo e prazo establecido na convocatoria e a imputalo na porcentaxe que consta no impreso.

(se é necesario poderase engadir unha relación co mesmo esquema)

| NIF | NOME E APELIDOS | % (1) | SINATURA |
|-----|-----------------|-------|----------|
|     |                 |       |          |
|     |                 |       |          |
|     |                 |       |          |
|     |                 |       |          |
|     |                 |       |          |
|     |                 |       |          |
|     |                 |       |          |
|     |                 |       |          |
|     |                 |       |          |
|     |                 |       |          |

Para o caso de máis dunha persoa titular e/ou participe para cada vivenda ou local, deberán figurar todos e cada un deles.

(1) PORCENTAXE DE COTAS DE PARTICIPACIÓN NA VIVENDA.

### USO DESTINO DA VIVENDA (No caso de solicitar a contía autonómica convocatoria PRÓRROGA)

VIVENDA HABITUAL E PERMANENTE  ALUGUEIRO. VIVENDA HABITUAL DO INQUILINO

| REPRESENTANTE PROPIETARIO (NOMEADO POLOS PROPIETARIOS ARRIBA ASINANTES PARA XESTIÓN E COBRO). |                      |                      |                      |
|---|----------------------|----------------------|----------------------|
| NOME  | APELIDOS             | NIF                  |                      |
| <input type="text"/>  | <input type="text"/> | <input type="text"/> |                      |
| TIPO DE VÍA   | NOME DA VÍA          | NÚMERO               | PISO                 |
| <input type="text"/>  | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| CP  | PROVINCIA            | CONCELLO             | LOCALIDADE           |
| <input type="text"/>  | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| TELÉFONO  |                      |                      | <input type="text"/> |

### SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,  de  de

Este documento debe ser completado por tódolos propietarios da vivenda / local



## IMPRESO 2



### DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓNS

(A CUBRIR POLA PERSOA REPRESENTANTE PROPIETARIO/A DAS VIVENDAS OU LOCAIS QUE PARTICIPAN NA SUBVENCIÓN)

### ÁREAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DE FERROL

#### DECLARACIÓNS

##### A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | ANO | IMPORTE (€) | DISPOSICIÓN REGULADORA |
|-----------|-----|-------------|------------------------|
|           |     |             |                        |
|           |     |             |                        |
|           |     |             |                        |
|           |     |             |                        |

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Ningún dos propietarios da vivenda /local está incurso en ningunha clase de prohibición para a obtención de axudas previstas no artigo 10 da Lei 9 / 2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da lei 38/2013 do 17 de novembro, lei xeral de subvencións.
4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2º g) da Lei 9 / 2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11 / 2009, do 8 de xaneiro.
5. Que non se revogou ningunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda, por causas imputables a esta persoa solicitante.
6. Que cumpren todos os requisitos legais para ser beneficiario.

#### AUTORIZACIÓNS

Autorizo ás administracións local, autonómica e estatal, de conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público e autonómico de Galicia, para consultar a documentación relacionada con esta subvención.

Así mesmo, declaro que dita información está vivente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que corresponde. Autorizo ás administracións local, autonómica e estatal, para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

Autorizo ás administracións local, autonómica e estatal, para consultar os datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade das administracións local, autonómica e estatal, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante as administracións correspondentes.

##### LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 9 de marzo de 2015 e Orde 23 de xuño de 2017 polas que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013–2016, e se procede a súa convocatoria para o ano 2017 - 2018.

#### SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS DO/A REPRESENTANTE/A DA VIVENDA / LOCAL (PERSOA ASINADA NO IMPRESO 1)

NIF



Lugar e data





Este documento debe ser completado polo representante propietario da vivenda / local (persoa designada no impreso 1)





INSTITUTO GALEGO  
DA VIVENDA E SOLO



ÁREAS DE REHABILITACIÓN

## IMPRESO 3



### DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA XURÍDICA ÁREAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DE FERROL

#### DATOS DO REPRESENTANTE DA PERSOA XURÍDICA

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL

NIF



DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. QUE A ENTIDADE ESTÁ DEBIDAMENTE CONSTITUÍDA SEGUNDO A NORMATIVA DE APLICACIÓN.
2. QUE SE COMPROMETE EN NOME DA ENTIDADE Á EXECUCIÓN DAS OBRAS OBXECTO DA SUBVENCIÓN.
3. QUE COMO PERSOA XURÍDICA OU TITULAR DUNHA EMPRESA, DECLARO QUE TANTO ESTA EMPRESA COMO TODAS AS LEGALMENTE VINCULADAS Á MESMA OU BAIXO O SEU CONTROL CUMPREN COS LÍMITES DE AXUDAS DE MÍNIMIS E DE MAIS CONDICIÓNS DO REGULAMENTO DA UE 1047/2013 DA COMISIÓN DE 18 DE DECEMBRO DE 2013 ( DOUE NÚM. 352, DE 24 DE DECEMBRO DE 2013) TOMANDO EN CONSIDERACIÓN A TOTALIDADE DOS IMPORTES DE AXUDAS PÚBLICAS NOS ÚLTIMOS TRES EXERCICIOS FISCAIS ( TRES ÚLTIMAS ANUALIDADES)

#### SINATURA DO REPRESENTANTE DA PERSOA XURÍDICA

Lugar e data

 .  de  de 

Este documento só sera completado no caso de persoas xurídicas



ÁREAS DE REHABILITACIÓN

## IMPRESO 4


**CERTIFICADO DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS/AS, AGRUPACIÓN DE CC PP, CONSORCIOS OU ENTES ASOCIATIVOS E COMUNIDADE DE PROPIETARIOS NON CONSTITUÍDA (CPNC).**
**ÁREAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DE FERROL**
**DATOS DO SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL

CIF



NOME E APELIDOS DO/A PRESIDENTE/A DA CC PP, AGRUPACIÓN, CONSORCIO OU ENTE

NIF


**SECRETARIO/A DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS/AS, AGRUPACIÓN DE CC PP, CONSORCIO OU ENTE ASOCIATIVO OU VECIÑO QUE REPRESENTA A CPNC**

NOME

APELIDOS

NIF



**CERTIFICA QUE:**

na reunión celebrada o día , a xunta de persoas propietarias adoptou pola maioría esixida pola lexislación vixente os seguintes acordos reflectidos na acta achegada :

1º Executar as obras para as que se solicita a subvención.

2º Solicitar a convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbanas dos barrios históricos da Magdalena e Ferrol Vello, do barrio da Graña e do barrio de Esteiro Vello de Ferrol.

3º A porcentaxe individual que corresponde a cada vivenda / local é a seguinte (1):

| vivenda ou local     | %                    | vivenda ou local     | %                    |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

4º Nomear como representante a D. / Dña.

con NIF

(2)

Teléfono

(1) A porcentaxe de participación para a obra pode ser acordada por unanimidade mediante a aportación de documento firmado.  
 (2) No caso de non designar representante entenderase que exerce a representación o presidente da comunidade.

**SINATURA DO/A SECRETARIO/A  
DE SER O CASO**
**Visto e prace  
SINATURA DO/A PRESIDENTE/A  
OU VECIÑO REPRESENTANTE CPNC**

Lugar e data



de

de

Este documento será aplicable ás comunidades de propietarios e comunidades de propietarios non constituídas (CPNC)



**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN. CONVOCATORIA PRORROGA**

ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DE:

MAGDALENA - FERROL VELLO  A GRAÑA  ESTEIRO VELLO

**DATOS DO SOLICITANTE OU RAZÓN SOCIAL**

|           |               |          |
|-----------|---------------|----------|
| PROMOTOR  |               | CIF      |
| ENDEREZO  | LOCALIDADE    |          |
| PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO |

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN**

|                 |               |          |
|-----------------|---------------|----------|
| NOME E APELIDOS |               | CIF      |
| ENDEREZO        | LOCALIDADE    |          |
| PROVINCIA       | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO |

**DATOS DO EDIFICIO / VIVENDA OBXECTO DA ACTUACIÓN**

|  |  |
|--|--|
| ENDEREZO   | UNIDADE CATASTRAL                                |
| Nº TOTAL DE VIVENDAS E LOCAIS PARTICIPANTES <input type="text"/>                           |  |
| Nº TOTAL DE VIVENDAS PARTICIPANTES <input type="text"/>                                    | ORZAMENTO DE OBRA SEN IVE <input type="text"/>   |
| Nº TOTAL DE VIVENDAS DE DOMICILIO HABITUAL E PERMANENTE PARTICIPANTES <input type="text"/> | HONORARIOS TÉCNICOS SEN IVE <input type="text"/> |
| GASTOS DE TRAMITACIÓN EXCLUIDO IMPOSTOS TAXAS E TRIBUTOS <input type="text"/>              |  |

**EXPÓN:** Que en calidade de:

- PROPIETARIO DE VIVENDA  
 PROPIETARIO ÚNICO DE EDIFICIO DE VIVENDAS  
 COMUNIDADE DE PROPIETARIOS  
 AGRUPACIÓN DE COMUNIDADES DE PROPIETARIOS  
 CONSORCIOS E ENTES ASOCIATIVOS DE XESTIÓN  
 COMUNIDADE SEN PERSONALIDADE XURÍDICA PROPIA

E para realizar no edificio / vivenda as actuacións subvencionables referidas a:

- OBRAS DE MANTENIMENTO EN EDIFICIOS E VIVENDAS  
 INSTALACIÓNS FIXAS  
 EQUIPAMENTO PROPIO CO FIN DE ADECUALO AOS ESTÁNDARES ESTABLECIDOS  
 ELEMENTOS COMÚNS CO FIN DE ADECUALOS AOS ESTÁNDARES ESTABLECIDOS  
 MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA

Descrición da obra:

**SOLICITA:** Acollerse á "Convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana dos barrios históricos da Magdalena e Ferrol Vello, do barrio de A Graña e do barrio de Esteiro Vello de Ferrol" e publicado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

|   |                          |
|---|--------------------------|
| SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA<br><br>FERROL, a | DATA REXISTRO DE ENTRADA |
|---|--------------------------|

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

Ferrol, 14 de decembro de 2017

A concelleira delegada titular da Área de Urbanismo, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación,  
por delegación da alcaldía de 27/06/2017  
María Fernández Lemos